CONCELLO DE PONTEVEDRA

Solicitude de primeira prórroga das autorizacións para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas de Santiaguiño do Burgo para o ano 2020

Don/a (nome e apelidos) _____

NIF número: _____, teléfono_____, en nome propio ou en representación de (nome e apelidos)_____e domicilio a efectos de notificación en _____

Solicitudes presenciais de persoas físicas: as persoas físicas recibirán as notificacións, ademais de electronicamente, por correo postal salvo que elixan a notificación electrónica como medio preferente comunicándoo a través do procedemento 183 do catálogo de procedementos da sede electrónica http://sede.pontevedra.gal ou premendo (aquí), neste mesmo procedemento poderá indicar un correo electrónico para recibir os avisos ou indicar o seu desexo de deixar de recibir os avisos.

EXPÓN:

1.- Que o Concello de Pontevedra tramitou o expediente para o outorgamento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas do Santiaguiño do Burgo durante os anos 2018-2021.

2.- Que tras os trámites oportunos, outorgóuseme autorización para ocupar os postos que de seguido se relacionan, para as festas do Santiaguiño do Burgo do período 2018-2021, de conformidade co prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas de Santiaguiño do Burgo durante os anos 2018-2021 aprobados por resolución da concelleira de urbanismo, protección cidadá, servizos e festas en data 29 de maio de 2018.

Datos do/s posto/s sobre os que se me outorgou autorización:

Número de postos sobre os que se me outorgou autorización

3.- Que a autorización outorgouse por un prazo máximo de ata dous anos, que incluían as festas de Santiaguiño do Burgo do ano 2019.

4.- Que de conformidade coa cláusula 9 do prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas de Santiaguiño do Burgo durante os anos 2018-2021, cabe que a autorización para a ocupación dos postos sinalados se poida prorrogar por períodos dun ano ata un máximo de dous anos, para o cal os interesados deben solicitalos dous meses antes do comezo das festas de Santiaguiño do Burgo do ano 2020 e reunir os requisitos necesarios para poder presentar solicitudes de autorización.

5.- Que estou interesado/a en solicitar a prórroga da autorización dos postos sinalados anteriormente dado que cumpro os requisitos para que se me poida outorgar esta, e a estes efectos, **declaro baixo a miña responsabilidade**:

a) Que cumpro os requisitos establecidos no prego sinalado anteriormente para poder presentar solicitudes de autorización para os postos que solicito a prórroga así como para exercer esta actividade ou actividades sobre dito/s posto/s, que estou en posesión da documentación que así o acredita e que me comprometo a facilitala cando sexa requirido polo Concello de Pontevedra e que me comprometo a manter o cumprimento dos requisitos necesarios para o exercicio da actividade ou actividades dos postos para os que solicito a prórroga.

b) Que a entidade, nin no seu caso os seus administradores ou órganos de dirección, están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no artigo 71 da LCSP.

c) Que estou ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

d) Que autorizo ao Concello a poder solicitar de cantas Administracións ou entidades sexan competentes a documentación que sexa necesaria para verificar a solvencia económica e técnica esixida no prego sinalado así como a situación de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social.

e) Que estou de alta no imposto sobre actividades económicas correspondentes ás actividades que se desenvolven nos postos que solicito a prórroga e que inclúe dentro do seu ámbito, como mínimo, o territorial do Concello de Pontevedra, estando ao corrente de ser o caso, no pagamento deste imposto.
Así mesmo autorizo e presto o consentimento para que o Concello de Pontevedra poida solicitar e obter da Axencia estatal da administración tributaria ou entidade pública competente a documentación acreditativa de que estou de alta no citado imposto e ao corrente, de ser o caso, no pagamento do mesmo.

SOLICITA:

Que previos os trámites oportunos se me outorgue unha prórroga da autorización para ocupar os postos sinalados anteriormente polo prazo dun ano, que incluiría as festas do Santiaguiño do Burgo do ano 2020.

Pontevedra, _____

Sinatura da persoa interesada e/ou do seu representante,
(só no caso de solicitude presencial)

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Información básica sobre Protección de Datos	
Responsable	CONCELLO DE PONTEVEDRA
Finalidade	Atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Pontevedra
Lexitimación	Interese público ou exercicio de poderes públicos
Destinatarios	Non están previstas transferencias internacionais de datos
Dereitos	Acceso, rectificación, limitación do tratamento, supresión, portabilidade e oposición/revogación e a presentar reclamación ante as autoridades de control, así como outros dereitos, como se explica na información adicional.
Información adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de datos en http://sede.pontevedra.gal

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do CONCELLO DE PONTEVEDRA con CIF P3603800H e domicilio social sito en RÚA MICHELENA 30, 36002 Pontevedra, coa finalidade de atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Pontevedra. En cumprimento da normativa vixente, o CONCELLO DE PONTEVEDRA, informa que os datos serán conservados durante o período legalmente establecido. Así mesmo, informámoslle que a lexitimación do tratamento dos seus datos é en base ao interese público ou no exercicio de poderes públicos.

Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

A súa vez, informamos que pode contactar co Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE PONTEVEDRA, dirixíndose por escrito á dirección de correo dto.cliente@conversia.es ou ao teléfono 902877192.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como o do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico sede@pontevedra.eu. Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.